



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES PROVISORIAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE E EXCLUÍDAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 DURANTE O CURSO 2025-26 PARA PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2025.

Mediante a resolución reitoral do 02 de xuño de 2025 publicouse a convocatoria de axudas para a participación do persoal docente e investigador no programa Erasmus+ para persoal docente e investigador no curso de 2025-26, no marco da acción KA131. Despois de finalizar o período recollido nesta convocatoria para a presentación de solicitudes, e feita a revisión da documentación achegada, esta reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a relación provisoria de solicitudes admitidas a trámite no Anexo I.
2. Publicar a relación provisoria de solicitudes excluídas no Anexo II, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas poderán emendar os erros e a falta de documentación no prazo de **10 días hábiles**, que comezarán a contar ao día seguinte da publicación desta resolución. Estas alegacións deberán presentarse na [sede electrónica da Universidade de Vigo](#) mediante unha [instancia xenérica](#) (SXER - Instancia xenérica PAS/PDI) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais (ORI).

Transcorrido este prazo, publicarase unha resolución coas listaxes definitivas de solicitudes admitidas e excluídas. Esta resolución poderá ser recorrida perante o órgano que a dite.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR,
Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño

